



A Concellería de Educación convoca un CONCURSO DE DEBUXO ESCOLAR SOBRE A FUSIÓN DOS CONCELLOS DE VILAGARCÍA, VILAXOÁN E CARRIL, con motivo da celebración do centenario desa unión, e co obxecto de provocar unha reflexión na comunidade educativa sobre o carácter precursor daquela iniciativa e das súas repercusións na vida dos veciños naquela época, na actualidade e no futuro.

As BASES que rexen a súa convocatoria son:

1.- O tema será a fusión dos concellos de Vilagarcía, Vilaxoán e Carril para formar o de Vilagarcía de Arousa, abordando algún dos 3 seguintes aspectos:

- O contexto histórico no que se xerou a iniciativa.
- Repercusión que tivo para a Vilagarcía de Arousa que xurdiu.
- Como é agora a Vilagarcía de Arousa social, económica, cultural e deportiva e cal é o seu futuro.

2.- Os traballos terán un tamaño máximo de A3. A obra premiada será utilizada como cartel da exposición na que se mostrarán tódolos traballos presentados a este concurso e aos outros celebrados con motivo do centenario promovidos pola Concellería de Educación.

3.- Os participantes serán os alumnos e alumnas dos centros de ensinanza de Vilagarcía de Arousa, que cursen 1º, 2º, 3º ou 4º de Educación Primaria.

4. Os traballos presentaranse no rexistro xeral do concello en horario de 9 a 14 h. e o prazo será dende o 18 de novembro ata 5 de decembro do ano en curso. As obras irán nun sobre pechado, indicando no exterior que se presenta a este certame e o curso de E. P. no que está matriculado o participante. Os seus datos persoais figurarán noutro sobre, tamén pechado, que se introducirán no sobre anterior, e serán: nome completo, idade, curso que realiza, centro no que está matriculado, e teléfono de contacto.

5.- O Xurado estará formado por o Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue, dous representantes dos medios de comunicación locais e dous do ámbito educativo. O seu fallo será inapelable e se dará a coñecer o día 15 de decembro.



6.- Establécense, a efectos dos premios, dou grupos de participantes: os de 1º e 2º de E. P. e os de 3º e 4º de E.P. Os premios serán, para cada grupo:

Primeiro : unha tablet

Segundo: un lote de libros

7.- Os traballos presentados poderán ser publicados na páxina web do concello ou nos medios de comunicación local, e expostos en calquera exposición que este organice.

Vilagarcía de Arousa, febreiro de 2013.